


Unidade 6:

A Restauración

1. Introducción

Tras a derrota definitiva de Napoleón Bonaparte e o seu exilio á illa de Santa Helena (1815), as principais potencias europeas (Austria, Prusia, Rusia e o Reino Unido) impulsaron un proceso político orientado a **desmantelar as transformacións nadas da Revolución Francesa** e das guerras napoleónicas. Este proceso histórico recibe o nome de **Restauración**, porque pretendía restaurar o **Antigo Réxime** na súa dimensión política, social e territorial.

A reunión clave para deseñar a nova orde europea foi o **Congreso de Viena (1814–1815)**, presidido polo diplomático austríaco **Klemens von Metternich**, unha das figuras máis influentes do conservadorismo europeo. No congreso participou tamén Francia, xa baixo unha monarquía borbónica restaurada (co rei Luis XVIII). O obxectivo esencial era garantir a estabilidade e evitar que se reproducisen revolucións como a de 1789.



2. Principios da Restauración

Os acordos fundamentais do Congreso de Viena deron lugar a tres grandes principios políticos que definiron a vida europea durante boa parte da primeira metade do século XIX:

2.1. Absolutismo

- ➔ As potencias estableceron que a **monarquía absoluta** era a forma lexítima de goberno.
- ➔ Restáurase a dinastía dos **Borbóns en Francia**, e fíxase o criterio da **lexitimidade dinástica**, segundo o cal só os monarcas tradicionais tiñan dereito a gobernar (é dicir, as dinastías instauradas polo poder napoleónico quedaban excluídas de todos os tronos).
- ➔ Este principio supón unha **reacción directa contra o liberalismo** político e contra a idea de soberanía nacional, que quedaban identificadas como fontes de inestabilidade.

2.2. Equilibrio internacional

- ➔ Preténdese **evitar que calquera Estado chegue a impoñer unha hexemonía** sobre os demais, como fixera a Francia revolucionaria e napoleónica.
- ➔ Establécese un **sistema de equilibrio de poder**, baseado nunha serie de alianzas e compensacións territoriais destinadas a manter a paz.
- ➔ O Reino Unido, Austria, Prusia e Rusia conforman un núcleo diplomático encargado de **preservar esta estabilidade**.

2.3. Intervencionismo

- ➔ As potencias absolutistas deciden **intervir militarmente** en calquera país europeo onde o absolutismo se vexa ameazado.
- ➔ Para iso créase a **Santa Alianza (1815)**, formada inicialmente por **Rusia, Prusia e Austria**, coa finalidade de defender os valores do absolutismo, a relixión e a orde tradicional.
- ➔ A Santa Alianza actuará como un mecanismo de **“contrarrevolución organizada”**, apoiando gobernos absolutistas e reprimindo movementos liberais e nacionais.

4. O fracaso da Restauración

A Restauración non conseguiu eliminar as ideas que naceran coa Ilustración e coa Revolución Francesa. Ao contrario, o novo mapa e a imposición do absolutismo agravaron algunhas tensións, o que acabou derivando na progresiva expansión das ideas liberais en nacionalistas por toda Europa. Finalmente, isto fixo fracasar o sistema da Restauración, incapaz de frear o avance destas novas ideas.

4.1. *Expansión do liberalismo*

- ➔ A burguesía urbana, fortalecida pola crecente Revolución Industrial, defendía a **igualdade xurídica**, as **liberdades individuais** e a **representación parlamentaria**.
- ➔ O absolutismo parecía ser cada vez máis incompatible coas necesidades dunha sociedade que avanza cara a **novas formas de economía e de organización social**.

4.2. *Expansión dos nacionalismos*

- ➔ En moitos pobos europeos comezou a agromar a **idea de que eran nacións** ao longo da etapa revolucionaria e napoleónica.
- ➔ O mapa imposto no **Congreso de Viena ignoraba completamente os sentimentos nacionais**: os italianos estaban divididos en diversos Estados, os alemáns tampouco conseguiran un Estado unificado propio, os polacos quedaron repartidos entre tres imperios (Prusia, Austria e Rusia), etc.
- ➔ Nas décadas seguintes, este nacionalismos (cos seus obxectivos territoriais propios) convertíranse nunha **forza transformadora decisiva**.

4.3. *Fracaso progresivo do sistema da Restauración*

- ➔ As sucesivas **vagas revolucionarias de 1820, 1830 e 1848** (sobre todo esta última) evidenciaron que o sistema da Restauración era incapaz de deter as demandas de liberdade política e autodeterminación nacional.
- ➔ **Klemens von Metternich**, símbolo deste orde conservadora, cae en 1848, marcando o principio do fin da Restauración.